



Regras xerais de acentuación

Principios de acentuación

A sílaba

Denominamos sílaba cada golpe de voz con que pronunciamos unha palabra.

café → *ca* - *fé*

espello → *es* - *pe* - *llo*

Sílabas tónicas e átonas

Non todas as sílabas das palabras se pronuncian coa mesma intensidade. A **sílabo tónica** dunha palabra é a que se pronuncia con maior intensidade; as demais son **sílabas átonas**.

café → *ca* (sílabo átona) - ***fé*** (sílabo tónica)

espello → *es* (sílabo átona) - ***pe*** (sílabo tónica) - *llo* (sílabo átona)

As palabras dunha única sílaba (monosílabas) poden ser tónicas ou átonas.

ti (-pronome-, tónica)

a (-artigo-, átona)

Tipos de palabras segundo a posición da sílaba tónica

Atendendo á situación da sílaba tónica na palabra, podemos distinguir palabras agudas, graves e esdrúxulas.

As palabras agudas teñen tónica a última sílaba:

xamón, ***comedor***, ***papel***, ***alí***...

As palabras graves teñen tónica a penúltima sílaba:

barco, ***difícil***, ***discoteca***, ***mesa***...

As palabras esdrúxulas teñen tónica a antepenúltima sílaba:

máxico, ***mecánica***, ***xílgaro***, ***médico***...

- 1.** Agrupa e ordena as sílabas de cada cor ata formar seis palabras distintas. Despois rodea cun círculo a sílaba tónica de cada palabra.

<i>a</i>	<i>mor</i>	<i>zo</i>	<i>re</i>	<i>mal</i>	<i>ga</i>	<i>zar</i>	<i>bra</i>	<i>res</i>
<i>co</i>	<i>mar</i>	<i>ce</i>	<i>ri</i>	<i>al</i>	<i>mér</i>	<i>cár</i>	<i>da</i>	<i>ni</i>

- •
- •
- •

- 2.** Separa en sílabas estas palabras e sitúaaas nos recadros que lles corresponden. Coida que nos ca-
dros brancos coincidan sílabas átonas e nos de cor as sílabas tónicas.

pantalóns - lóstrego - aparellador
semáforo - libro - felicidade - bicicleta
frigorífico - soñar - camisa

- 3.** Clasifica as palabras das dúas actividades anteriores neste cadro. Subliña a sílaba tónica en todos os casos.

[illegible]

Reglas de acentuación gráfica

Palabras agudas

Levan acento gráfico cando rematan:

- En vogal: *mañá, aquí, café...*
- En -n: *curmán, melón...*
- En -s: *cantís, compás...*
- En -ns: *curmáns, algúns...*

Non se acentúan cando son monosílabas (*el, si, non, fe...*), cando acaban en ditongo decrecente (*cantei, seguiu, ademais, papeis...*) ou cando acaban noutra consoante que non sexa -n ou -s (*papel, arroz, nariz...*).

Palabras graves

Levan acento gráfico cando rematan:

- En consoante distinta de -n ou -s: *réptil, carácter, clímax, alférez...*
- En grupos consonánticos distintos de -ns: *fórceps, bíceps, cámping...*
- En ditongos decrecentes: *amábeis, hóckey...*

Non se acentúan cando rematan en vogal, -n, -s ou -ns (*mapa, lapis, canon, dolmens...*).

Palabras esdrúxulas

Levan sempre acento gráfico:

véspera, médico, nádega, psicóloga...



— Actividades

4. Localiza nas sopas de letras os nomes dos elementos debuxados. Cada nome aparece nunha sopa distinta en función de se é unha palabra aguda, grave ou esdrúxula.



agudas

P	O	C	R	U	A
A	F	A	O	P	U
T	E	R	M	I	N
I	Ñ	A	S	T	O
N	C	C	H	I	U
S	E	O	X	E	C
O	I	L	U	Z	A
V	O	R	S	E	F

graves

X	I	L	L	O	A
E	L	P	I	L	C
S	A	R	O	I	A
A	P	X	S	T	L
N	I	M	U	E	I
T	S	O	N	E	Z
O	I	U	C	H	O
V	A	L	B	U	M

esdrúxulas

X	E	R	U	S	O
T	U	G	O	E	A
A	E	R	M	M	N
F	R	A	S	A	C
O	C	B	H	F	O
S	A	R	O	O	R
O	I	L	U	R	A
T	O	R	Ñ	O	E

- Escribe as dez palabras anteriores, co acento gráfico se o precisan, e explica razoadamente por que o levan ou por que non.

Palabra

Xustificación


.....

.....



5. Resolve este «camiño silábico». Para facelo debes poñer, sílaba a sílaba e no sentido que marcan os triángulos de cores, as palabras que se corresponden con cada definición. Observa que xa che damos algunhas sílabas como axuda.

- ▶ Que se expresa con poucas palabras ao escribir ou falar.
- ▶ Xogo de mesa.
- ▶ Aplicará sulfato a unha planta ou a unha plantación.
- ▶ Pata dianteira do porco, despois de matado e despezado.
- ▶ Unión sexual.
- ▶ Axente nomeado por un goberno para defender os seus intereses nun país estranxeiro.
- ▶ Dise do pobo, persoa ou animal que non ten morada fixa.
- ▶ Que se move, actúa ou é realizado en pouco tempo, con celeridade.
- ▶ Localidade luguesa.
- ▶ Relativo á democracia ou conforme a ela.
- ▶ Dise da persoa libertina cargada de vicios.
- ▶ Que ten dez patas.
- ▶ Vaso sagrado onde se fai a consagración do viño durante a misa.
- ▶ Perda, total ou non, do movemento nalgunha parte do corpo.



— Clasifica as palabras que forman o «camiño silábico» segundo sexan agudas, graves ou esdrúxulas.

Agudas	Graves	Esdrúxulas
.....		
.....		
.....		
.....		
.....		

6. Fai os cambios de número de cada palabra e indica se a nova forma é aguda (a), grave (g) ou esdrúxula (e). Ponlles acento gráfico cando corresponda.

<u>Singular</u>	<u>Plural</u>	<u>Singular</u>	<u>Plural</u>
cóctel (g)	– (...)	 (...)	chineses (g)
monitor (a)	– (...)	espécime (e)	– (...)
..... (...)	– caníbales (e)	 (...)	– infantís (a)
mandril (a)	– (...)	carácter (g)	– (...)
..... (...)	– cámaras (e)	avestruz (a)	– (...)

7. Clasifica en agudas, graves ou esdrúxulas estas palabras. Logo completa correctamente con elas as oracións que seguen.

parque (.....) - **parqué** (.....)

- Cando limpes o da casa faino con este produto especial para madeira.
- Os nenos reúnen-se acotío no para xogar á pelota.

revólver (.....) - **revolver** (.....)

- De cando en vez tes que o guiso para que non se pegue.
- O shériff desenfundou o seu e os bandidos fuxiron de alí.

antigás (.....) - **antigas** (.....)

- As casas desta rúa son as máis e fermosas da vila.
- Ante o perigo dos gases tóxicos, os bombeiros levaban máscaras

lucido (.....) - **lúcido** (.....)

- O meu avó, a pesar da súa enfermidade, está e segue a gobernalo todo.
- O vestido desa actriz pareceume pouco porque tiña un deseño anticuado.

porqué (.....) - **porque** (.....)

- Necesito saber o da túa decisión. Non acabo de entender as túas motivacións.
- É mellor que vaías hoxe ao banco mañá é festivo e precisamos os cartos.

8. Pon os acentos gráficos que faltan nestas oracións.

- Coñecin o teu avo cando eu era arbitro de balonman.
- Mañá comeza o setimo congreso sobre avances tecnolóxicos na industria textil.
- O capitán do equipo húngaro retirase hoxe do fútbol.
- De supeto, avaríouse a hélice do helicóptero no que viaxaba o consul xaponés.
- Os ladrons daquel automóbil están xa no cárcere.
- O cráter daquel volcán tiña cando menos dous quilómetros de diámetro.
- Un astrónomo chinés acaba de descubrir un novo satélite de Xúpiter.
- Simón foi ao médico porque se sente débil e ten dores no tórax.